CA1.8 - Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor de persoas dedicadas a ela con independencia da súa etnia, sexo ou cultura, destacando e recoñecendo o papel das mulleres científicas e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución.	Valora a contribución de diferentes persoas á ciencia sen discriminar por razón de sexo, etnia ou cultura.		
CA4.1 - Resolver problemas ou explicar procesos biolóxicos utilizando coñecementos, datos e información achegados, o razoamento lóxico, o pensamento computacional ou recursos dixitais.	Explica procesos biolóxicos utilizando datos e información ou razoamento lóxico.		
CA4.2 - Analizar criticamente a solución a un problema sobre fenómenos biolóxicos e xeolóxicos.	Analiza criticamente as solucións aos problemas biolóxicos ou xeolóxicos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O labor científico e as persoas dedicadas á ciencia: contribución ás ciencias biolóxicas e xeolóxicas e importancia social. O papel da muller na ciencia. - Cuestións e problemas prácticos relacionados con coñecementos de fisioloxía e anatomía dos principais sistemas e aparellos do organismo implicados nas funcións de nutrición, relación e reprodución. - Efectos prexudiciais das drogas legais e ilegais, tanto para os consumidores coma para quen está na súa contorna próxima.

UD	Título da UD	Duración
7	Aparatos para a función de reprodución	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.8 - Recoñecer os procesos da reprodución humana identificando as estruturas do aparello reprodutor e endócrino implicadas.	Describe os compoñentes e as funcións dos aparatos reprodutores masculino e feminino. Describe os acontecementos principais dos ciclos ovárico e uterino. Define a placenta, os seus compoñentes e as funcións de cada un no desenvolvemento embrionario.	PE	80
CA5.6 - Recoñecer o sexo e a sexualidade desde a perspectiva da igualdade entre homes e mulleres e respectando a diversidade sexual.	Describe o funcionamento dos principais métodos anticonceptivos. Detalla as técnicas máis utilizadas de reprodución asistida.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos interpretando a información obtida en diferentes formatos (modelos, gráficos, táboas, diagramas, fórmulas, esquemas, símbolos, páxinas web...), mantendo unha actitude crítica e chegando a conclusións fundamentadas.	Obtén e analiza a información de diferentes fontes e formatos.	TI	20
CA1.2 - Resolver cuestións sobre bioloxía e xeoloxía localizando, seleccionando e organizando información mediante a citación e o uso correctos de distintas fontes.	Localiza e selecciona a información citando correctamente as fontes empregadas.		
CA1.3 - Expor preguntas e hipóteses e intentar realizar predicións sobre fenómenos biolóxicos ou xeolóxicos que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos.	Formula preguntas ou hipóteses que poden responderse con métodos científicos.		
CA1.4 - Recoñecer a información sobre temas biolóxicos e xeolóxicos con base científica distinguíndoos de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crezas infundadas... e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	Distingue a información científica da obtida de crezas ou pseudociencias.		
CA1.8 - Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor de persoas dedicadas a ela con independencia da súa etnia, sexo ou cultura, destacando e recoñecendo o papel das mulleres científicas e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución.	Valora a contribución de diferentes persoas á ciencia sen discriminar por razón de sexo, etnia ou cultura.		
CA4.1 - Resolver problemas ou explicar procesos biolóxicos utilizando coñecementos, datos e información achegados, o razoamento lóxico, o pensamento computacional ou recursos dixitais.	Explica procesos biolóxicos utilizando datos e información científica ou razoamento lóxico.		
CA4.2 - Analizar criticamente a solución a un problema sobre fenómenos biolóxicos e xeolóxicos.	Analiza criticamente as solucións aos problemas biolóxicos ou xeolóxicos.		
CA4.9 - Reflexionar sobre a reprodución e a sexualidade valorando a súa propia sexualidade e a das persoas da súa contorna.	Valora e respecta a súa propia sexualidade e a das persoas do seu entorno.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O labor científico e as persoas dedicadas á ciencia: contribución ás ciencias biolóxicas e xeolóxicas e importancia social. O papel da muller na ciencia. - Función de reprodución: aparello reprodutor e sistema endócrino. - Relación entre a anatomía e a fisioloxía básicas do aparello reprodutor. - Reprodución e sexualidade. - Cuestións e problemas prácticos relacionados con coñecementos de fisioloxía e anatomía dos principais sistemas e aparellos do organismo implicados nas funcións de nutrición, relación e reprodución. - Sexo e sexualidade desde a perspectiva da igualdade entre os homes e as mulleres e o respecto á diversidade sexual. Importancia da educación sexual integral como parte dun desenvolvemento harmónico: - Infeccións de transmisión sexual (ITS).

Contidos

- Métodos de anticoncepción e prácticas sexuais responsables. A asertividade e o autocoidado.
- As relacións afectivo-sexuais: ideas preconcebidas e estereotipos sexuais.

UD	Título da UD	Duración
8	Vida sa	7

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Describir os virus como formas acelulares causantes dalgunhas patoloxías nos humanos.	Describe os compoñentes dun virus, explicando por que se lles considera formas de vida acelulares. Explica como poden provocar enfermidades nos seres humanos.	PE	80
CA6.3 - Comparar as enfermidades infecciosas e non infecciosas identificando as medidas de prevención e os tratamentos que existen ata o momento.	Diferencia entre enfermidades infecciosas e non infecciosas poñendo exemplos de cada unha. Define vacunas, soros e antibióticos. Explica que son os transplantes e os rexeitamentos.		
CA6.4 - Analizar o funcionamento e as estruturas que comprende o sistema inmunitario recoñecendo o seu papel na prevención e superación das enfermidades infecciosas.	Describe as barreiras do corpo para evitar as infeccións (inmunidade inespecífica). Describe o funcionamento dos linfocitos para atallar e eliminar os patóxenos que nos teñan infectado.		
CA1.1 - Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos interpretando a información obtida en diferentes formatos (modelos, gráficos, táboas, diagramas, fórmulas, esquemas, símbolos, páxinas web...), mantendo unha actitude crítica e chegando a conclusións fundamentadas.	Obtén e analiza a información de diferentes fontes e formatos.	TI	20
CA1.2 - Resolver cuestións sobre bioloxía e xeoloxía localizando, seleccionando e organizando información mediante a citación e o uso correctos de distintas fontes.	Localiza e selecciona a información citando correctamente as fontes empregadas.		
CA1.3 - Expor preguntas e hipóteses e intentar realizar predicións sobre fenómenos biolóxicos ou xeolóxicos que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos.	Formula preguntas ou hipóteses que poden responderse con métodos científicos.		
CA1.4 - Recoñecer a información sobre temas biolóxicos e xeolóxicos con base científica distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas... e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	Distingue a información científica da obtida de crenzas ou pseudociencias.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor de persoas dedicadas a ela con independencia da súa etnia, sexo ou cultura, destacando e recoñecendo o papel das mulleres científicas e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución.	Valora a contribución de diferentes persoas á ciencia sen discriminar por razón de sexo, etnia ou cultura.		
CA4.4 - Reflexionar sobre a importancia da alimentación e da nutrición para o bo funcionamento do organismo recoñecendo as diferenzas entre alimentación e nutrición e diferenciando os nutrientes e as súas funcións básicas.	Valora a importancia da alimentación saudable para a prevención de enfermidades.		
CA5.1 - Resolver cuestións relacionadas con hábitos de vida saudables localizando, seleccionando e organizando información mediante a citación e o uso correctos de distintas fontes.	Resolve cuestións relacionadas cos hábitos de vida saudables utilizando informacións axeitadas.		
CA5.2 - Recoñecer a información con base científica sobre cuestións relacionadas coa saúde humana distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas... e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	Distingue a información científica relacionada coa saúde da obtida de crenzas ou pseudociencias.		
CA5.3 - Analizar criticamente a solución a un problema relacionado coa alimentación saudable, coas drogas e coa sexualidade.	Analiza criticamente os problemas relacionados coa alimentación, as drogas ou a sexualidade.		
CA5.4 - Reflexionar sobre a importancia da adquisición de hábitos e estilos de vida saudables como método de prevención de doenzas exemplificando con situacións próximas ao alumnado.	Valora a importancia dos hábitos de vida saudables para a prevención das enfermidades.		
CA5.5 - Analizar a importancia dunha boa alimentación e actividade física percibíndoos como hábitos saudables para o individuo e a sociedade.	Valora a importancia dos hábitos de vida saudables para a prevención das enfermidades.		
CA5.7 - Recoñecer as drogas (incluídas as de curso legal) considerándoas como causa de prexuízos non só para as persoas que as consomen, senón tamén para as que están na súa contorna próxima.	Valora negativamente a utilización de drogas como causantes de prexuízos na saúde das persoas e nas relacións familiares.		
CA6.1 - Analizar conceptos e procesos relacionados coa saúde e coa enfermidade interpretando información en diferentes formatos (modelos, gráficos, táboas, diagramas, fórmulas, esquemas, símbolos, páxinas web), mantendo unha actitude crítica e obtendo conclusións fundamentadas.	Obtén e analiza a información de diferentes fontes e formatos relacionada coa saúde das persoas.		
CA6.2 - Recoñecer a información con base científica en relación coa saúde e coa enfermidade distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas... e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	Distingue as informacións relacionadas coa saúde procedentes de fontes científicas das obtidas de crenzas ou pseudociencias.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
O labor científico e as persoas dedicadas á ciencia: contribución ás ciencias biolóxicas e xeolóxicas e importancia

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - social. O papel da muller na ciencia. - Formas acelulares. - Función de nutrición: aparellos dixestivo, respiratorio, circulatorio e excretor. - Importancia da nutrición e relación entre a anatomía e a fisioloxía básica dos aparellos que participan nela. - Hábitos encamiñados á conservación da saúde física, mental e social (hixiene do sono, hábitos posturais, uso responsable das novas tecnoloxías, actividade física, autorregulación emocional, coidado e corresponsabilidade...). - Enfermidades infecciosas e non infecciosas: - Diferenciación en base á súa etioloxía. - Medidas de prevención e tratamento de enfermidades infecciosas. - O uso adecuado dos antibióticos. - Sistema inmunitario: análise dos diferentes tipos de barreiras e mecanismos de defensa que dificultan a entrada de patóxenos ao organismo. - Relación entre o sistema inmunitario e a prevención e superación fronte ás enfermidades infecciosas. - Importancia da vacinación na prevención de enfermidades e na mellora da calidade da vida humana. - Importancia dos transplantes e da doazón de órganos.

UD	Título da UD	Duración
9	A cambiante Terra	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Clasificar os riscos empregando como criterio as causas naturais que os producen.	Diferencia os principais riscos naturais segundo a súa causa.	PE	80
CA2.2 - Analizar os riscos naturais a través dos factores de risco valorando a importancia das medidas de predición e prevención.	Describe os compoñentes que forman parte dos riscos. Relaciona a vulnerabilidade coas medidas de prevención que compre adoptar para evitar os danos que poida causar un risco.		
CA2.3 - Explicar a orixe e a distribución da actividade sísmica e volcánica na Terra e os tipos de erupcións volcánicas, integrándoas coa teoría da tectónica de placas.	Explica a teoría da tectónica de placas e a súa relación cos fenómenos xeolóxicos. Describe os tipos de bordes de placa e os sucesos típicos de cada un. Describe os tipos de erupcións volcánicas e as súas causas. Explica a orixe dos terremotos e dos tsunamis.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos interpretando a información obtida en diferentes formatos (modelos, gráficos, táboas, diagramas, fórmulas, esquemas, símbolos, páxinas web...), mantendo unha actitude crítica e chegando a conclusións fundamentadas.	Obtén e analiza a información de diferentes fontes e formatos.	TI	20
CA1.2 - Resolver cuestións sobre bioloxía e xeoloxía localizando, seleccionando e organizando información mediante a citación e o uso correctos de distintas fontes.	Localiza e selecciona a información citando correctamente as fontes empregadas.		
CA1.3 - Expor preguntas e hipóteses e intentar realizar predicións sobre fenómenos biolóxicos ou xeolóxicos que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos.	Formula preguntas ou hipóteses que poden responderse con métodos científicos.		
CA1.4 - Recoñecer a información sobre temas biolóxicos e xeolóxicos con base científica distinguíndoos de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crezas infundadas... e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	Distingue a información científica da obtida de crezas ou pseudociencias.		
CA1.8 - Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor de persoas dedicadas a ela con independencia da súa etnia, sexo ou cultura, destacando e recoñecendo o papel das mulleres científicas e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución.	Valora a contribución de diferentes persoas á ciencia sen discriminar por razón de sexo, etnia ou cultura.		
CA2.4 - Valorar a importancia da análise do risco sísmico e volcánico e as medidas de predición e prevención para minimizar os danos provocados polos volcáns e terremotos.	Valora as medidas de análise e prevención para minimizar os danos provocados polos volcáns e terremotos.		
CA2.5 - Localizar as áreas con risco sísmico en Galicia seleccionando información mediante o uso correcto de diferentes fontes.	Localiza as principais áreas de risco sísmico en Galicia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O labor científico e as persoas dedicadas á ciencia: contribución ás ciencias biolóxicas e xeolóxicas e importancia social. O papel da muller na ciencia. - Riscos naturais: - Definición e clasificación. - Análise e planificación. - Actividade sísmica e volcánica na Terra en relación coa teoría da tectónica de placas: - Orixe e distribución global dos terremotos e do vulcanismo na Terra. - Tipos de erupcións volcánicas. - Análise do risco sísmico e volcánico. Medidas de predición e prevención. O risco sísmico en Galicia.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Vaise empregar o libro de texto como material básico para desenvolver a asignatura. As clases han ser presenciais e o profesorado utilizará gráficas, táboas, videos ilustrativos sobre o funcionamento dos diferentes órganos e aparatos do corpo humano, etc, segundo conveña en cada tema.

No laboratorio vaise facer prácticas de microscopía, utilizaranse os modelos do esqueleto e dos órganos internos do corpo, e procederase á identificación visual dos principais tipos de rochas.

Solicitarase dos alumnos/as traballos escritos ou a entrega da libreta onde anotan os principais puntos e as cuestións prantexadas diariamente sobre as unidades didácticas da asignatura.

Os profesores poderán empregar a aula virtual do centro, que vai estar dispoñible para que todos os alumnos/as coñezan as principais cuestións de cada tema, que serán a base das probas escritas para avalialos/as.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
O libro de texto
Os ordenadores que posúen os alumnos/as cos que poden obter información para a elaboración dos traballos ou para responder as principais cuestións
A aula virtual do centro, onde se poden colgar as principais cuestións de cada tema e as súas respostas
Videos sobre anatomía e fisioloxía humanas
Modelo do esqueleto humano e o torso con órganos internos desmontables
Microscopios e outros materiais de laboratorio
Táboas, gráficas e outros recursos visuais obtidos de diferentes fontes de información
Libreta ou sección dun clasificador que cada alumno deberá administrar coas cuestións, respostas, gráficos, traballos, etc, correspondentes á asignatura

Todos estes materiais e recursos didácticos perseguen que o alumno poida acceder aos coñecementos mediante diferentes fontes e que, deste xeito, poida superar os obxectivos da asignatura e contribuir ao desenvolvemento das competencias básicas que debe adquirir.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Realización dunha proba escrita ou oral con preguntas básicas sobre bioloxía e xeoloxía. Eses coñecementos deberían telos adquiridos en cursos anteriores. Na proba tamén se poden incluír problemas de lóxica ou de matemáticas sinxelos para comprobar o grao de razonamento que son quen de desenvolver os alumnos/as ao marxe da materia de bioloxía e xeoloxía.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	5	6	8	26	11	11	11	11	11	100
Proba escrita	80	80	80	80	80	80	80	80	80	80
Táboa de indicadores	20	20	20	20	20	20	20	20	20	20

Criterios de cualificación:

Hanse facer 2 probas escritas por avaliación. A nota media das dúas probas sumará o 80% da nota global da avaliación.

O 20% restante procede dos diferentes indicadores que os alumnos/as deben elaborar:

- Traballos
- Cuestións e actividades que deben realizar en cada tema
- Revisión da libreta/clasificador coas actividades anotadas

O aprobado obtense con unha nota de 5 ou superior.

A nota obtida en cada avaliación suporá un 1/3 da nota global do alumno ao rematar o curso.

Criterios de recuperación:

No caso de que se suspenda algunha avaliación haberá unha proba escrita de recuperación. Para aprobar hai que obter un 5 ou superior.

Ao remate do curso pódense recuperar as avaliacións suspensas mediante unha proba global de toda a asignatura. Será necesario obter 5 ou máis para aprobar.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

As materias pendentes de cursos anteriores poderanse recuperar presentando, antes da data límite fixada para cada avaliación polo centro, dos resumos de cada un dos temas da asignatura do ano anterior. Estes resumos deberán incluír as actividades resoltas que prantexa o propio libro de texto.

No caso de non presentar ditos resumos a tempo, haberá unha proba escrita cos contidos propios de cada avaliación. Para aprobar haberá que obter unha nota de 5 ou superior.

6. Medidas de atención á diversidade

Para aqueles alumnos/as que teñan Necesidades Especiais de Apoio Educativo (NEAE) e non consigan acadar os obxectivos da asignatura e superar as competencias básicas, haberá reforzos con tarefas adicionais ou con materiais de apoio adaptados ás súas necesidades.

As probas escritas, sen variar os contidos mínimos que deben adquirir, tamén poden ser modificadas para facelas máis doadas de comprender (enunciados máis directos, establecer relacións entre bloques de datos, cuestións que requiren respostas máis curtas, etc).

Para os alumnos con altas capacidades pódense deseñar actividades complementarias e motivadoras. Estas actividades serán voluntarias e non poden prexudicar as notas que obteñan na asignatura.

Dispomos dun departamento de orientación que pode axudar aos alumnos/as con especiais dificultades académicas. En moitas ocasións, tralas avaliacións, tense solicitado, por parte do profesorado, estudos e revisións psicolóxicas de algún alumno/a e o departamento de orientación adoita responder satisfactoriamente a ditos requirimentos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Respecto polo medio ambiente, que inclúe o centro de estudos, os patios de recreo, os xardíns, os laboratorios, etc	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Respecto polos compañeiros/as sen que haxa discriminación por razón de raza, sexo, relixión , etc	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Fomento do espírito crítico e científico rexeitando as informacións falsas e interesadas	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Fomento da comprensión lectora e da expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Motivar a adopción de hábitos de vida saudables que repercutan na súa calidade de vida.		X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Mellora da creatividade e do espírito emprendedor	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Respecto polo medio ambiente, que inclúe o centro de estudos, os patios de recreo, os xardíns, os laboratorios, etc	X
ET.2 - Respecto polos compañeiros/as sen que haxa discriminación por razón de raza, sexo, relixión , etc	X
ET.3 - Fomento do espírito crítico e científico rexeitando as informacións falsas e interesadas	X
ET.4 - Fomento da comprensión lectora e da expresión oral e escrita	X
ET.5 - Motivar a adopción de hábitos de vida saudables que repercutan na súa calidade de vida.	X
ET.6 - Mellora da creatividade e do espírito emprendedor	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita a ETAP de San Francisco (Ourense)	Visita guiada á planta potabilizadora de auga situada no barrio de San Francisco, fronte ao auditorio.			

Observacións:

A visita depende da dispoñibilidade de técnicos que nos poidan explicar o funcionamento da planta potabilizadora. Adoita facerse na primavera, durante o segundo trimestre (mes de marzo ou abril).

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado
Participación activa de todo o alumnado
Adecuación das unidades didácticas á temporalización
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE tanto no deseño de actividades como nas probas escritas
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación
Combinación do traballo individual co traballo cooperativo
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación e ampliación

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento e o grao de participación do alumnado e das súas familias no proceso de ensino.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Os profesores disporán de fichas individuais para cada alumno/a onde anotarán as calificacións obtidas nas probas escritas, traballos, tarefas, revisión da libreta/clasificador e outros indicadores.

Feitos os cálculos necesarios, segundo os criterios de calificación expostos anteriormente neste programa, adxudicarase a cada alumno/a a nota correspondente a cada avaliación entre 1 e 10.

As avaliacións (tres en total) hanse celebrar nas datas marcadas polo centro.

O profesorado poderá presentar na reunión de avaliación as propostas que considere necesarias para mellorar o

proceso de aprendizaxe, que podería incluír a intervención do departamento de orientación.

9. Outros apartados